

**TUI**  
**EDITOS**

Feita e rendida a Conta Xeral, referida ó exercicio de 1995, faise público que a mesma, cos documentos que a xustifican e dictame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Patrimonio, encontrárase exposta na Secretaría deste Concello polo prazo de quince días hábiles, ó obxecto de que calquera interesado lexitimo poida examinalas e formular por escrito os reparos e observacións que estime pertinentes, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 7/85, do 02.04, reguladora das bases de réxime local, e regra 81 da Instrucción de contabilidade.

Definitivamente aprobado o expediente de modificación da ordenanza fiscal da Taxa do Cemiterio Municipal, por aplicación do que dispón o apartado 3 e 4 do artigo 17 da Lei 39/88, do 28.12, RFL, insírese a continuación a súa modificación:

Engadir ó seu anexo o subapartado:

"1.1.3.—CRIPTAS:

"1.1.3.1.—Conxunto de 6 nichos por 5 anos: 29.700 pesetas.

1.1.3.2.—Conxunto de 6 nichos por 50 anos: 297.000 pesetas".

Tui, 25 de xuño de 1996.—O Alcalde, Miguel A. Capón Rey. 8514

**EDITO**

*Entra en vigor o 19-8*

Aprobado definitivamente, ó non fêrse presentado reclamacións durante o prazo de información pública, a modificación do Regulamento de Réxime Interior do Cemiterio Municipal, publícase o seu contido a continuación:

Regulamento de réxime interior do Cemiterio Municipal "San Xoán"

**CAPITULO I**  
**DISPOSICIONS XERAIS**

ARTIGO 1º.—O Cemiterio municipal do Concello de Tui, ó servizo de tódolos membros da comunidade local, está suxeito á autoridade do Concello, a quen corresponde a súa administración, coidado e dirección, deixando a salvo o que se refire ás funcións xurisdiccionais propias das autoridades eclesiásticas, e as competencias propias doutras autoridades e organismos.

ARTIGO 2º.—O presente regulamento ten como obxecto a regulamentación do servizo do Cemiterio municipal de Tui, que se prestará, deste xeito, con suxeición ás normas que se establecen a seguir, sen prexuízo de aplicación das leis e disposicións sanitarias vixentes e da intervención da xurisdicción eclesiástica, na súa orde.

ARTIGO 3º.—As funcións xurisdiccionais propias da autoridade eclesiástica levan a facultade de dispó-lo conveniente en relación cos enterramentos e a observación das normas eclesiásticas que sexan de aplicación en cada caso.

ARTIGO 4º.—O horario de apertura e peche do Cemiterio municipal será regulado polo Sr. Alcalde do Concello, en función das distintas estacións do ano e das dispoñibilidades do persoal asignado ó Cemiterio.

ARTIGO 5º.—A interpretación e aplicación do presente regulamento conforme ás disposicións contidas no mesmo e demais de carácter xeral aplicables, corresponde ó Sr. Alcalde ou concelleiro en quen delegue, polo que se refire ás dúbidas que poidan xurdir e ó non previsto no mesmo.

ARTIGO 6º.—No Cemiterio, como recinto sagrado, esixiranse o respecto e decoro debidos, tanto na orde persoal como material.

ARTIGO 7º.—Prohíbese ás persoas o acceso ó depósito de cadáveres e ó osario xeral.

Cando os familiares do defunto desexen quedar acompañando o cadáver durante a súa permanencia no depósito correspondente, poderán facelo con autorización expresa do Sr. Alcalde.

ARTIGO 8º.—O Excmo. Concello de Tui non será responsable en ningún caso dos roubos que se poidan cometer no Cemiterio municipal.

ARTIGO 9º.—Respecto das medidas hixiénico-sanitarias, seguiranse en cada caso concreto aquelas que sinala o xefe local de sanidade ou persoa que o substitúa, e aplicaranse as normas obrigatorias de carácter xeral.

ARTIGO 10º.—Soamente se outorgarán nichos e sepulturas para enterramento a persoas falecidas no termo municipal, a persoas que figuren no Padrón municipal de habitantes, as que teñan nacido no municipio (aínda que residan fóra) e a todas aquelas persoas que, sen estar en ningún dos casos anteriores, teñan familiares enterrados no termo municipal.

O Concello poderá esixir a aportación da documentación pertinente para acreditar calquera das circunstancias mencionadas.

**CAPITULO II**

**PERSOAL**

ARTIGO 11º.—O coidado do Cemiterio haberá un sepultureiro encargado, que fará as seguintes funcións:

- Coidar do aseo do Cemiterio e das súas dependencias, da organización do recinto interior e da conservación de plantas e árbores.
- Recibir e conducir os cadáveres e restos que se lle entreguen para a súa inhumación, conservándoos no depósito cando así proceda. En calquera caso, e como requisito indispensable, deberá demandar a presentación da papeleta de enterramento expedida pola oficina municipal.

pal encargada do servizo, numerala e devolvea ó servizo, para que a oficina encargada efectúe a anotación no libro de rexistro correspondente.

- c) Realiza-las operacións materiais necesarias para a inhumación ou exhumación, no seu caso, e peche ou cubrimento das sepulturas.
- d) Conserva-la chave do Cemiterio en canto a alcaldía non dispoña outra cousa.
- e) Velar pola boa orde do recinto, evitando actos, presenza de persoas ou a realización de actividades que redunden en prexuízo do respecto debido ó lugar, dando conta de calquera incidente que se produza.
- f) Executa-las ordes e instrucións especiais que procedan dos seus superiores.

### CAPITULO III

#### SEPULTURAS

ARTIGO 12º.—O Cemiterio queda dividido conforme ás previsións establecidas no plano aprobado para a súa construción. Por conseguinte, e de conformidade co mesmo, poderán construírse tres clases de sepulturas:

- a) Nichos.
- b) Panteóns.
- c) Covas.
- d) Criptas.

ARTIGO 13º.—Os nichos que se constrúan axustaranse ás normas sanitarias vixentes e ás dimensións legais esixidas.

ARTIGO 14º.—Logo do informe da Comisión de goberno outorgarase a concesión de nichos, covas e parcelas para a construción de panteóns e criptas por rigorosa orde de petición e de forma correlativa en cada zona, polo tempo e o pagamento previo das taxas que sinala a ordenanza fiscal aplicable. A numeración de cada zona é a que consta no plano do Cemiterio.

ARTIGO 15º.—As zonas reservadas para nichos, covas, panteóns e criptas son as que constan no plano do Cemiterio e no seu defecto na ordenanza fiscal correspondente.

ARTIGO 16º.—A temporalidade das sepulturas implica que rematado o prazo da concesión, e sendo advertidos os familiares non solicitasen a prórroga da concesión ou o traslado dos restos a outra sepultura, o Concello poderá dispo-la súa recollida e traslado ó osario xeral, logo da correspondente licenza sanitaria. Os obxectos ou efectos achados serán depositados durante un ano e un día a disposición dos interesados.

Transcorrido este prazo o Concello poderá dispor deles libremente.

ARTIGO 17º.—As covas e nichos reunirán, como mínimo, as condicións que se especifican no artigo 54 do Regulamento de Policía sanitaria mortuoria do 20 de xullo de 1974.

#### SECCION 1ª.—NICHOS

ARTIGO 18º.—Os nichos poderán concederse por cincuenta ou por cinco anos, podendo ser renovadas as concesións mediante o pagamento das taxas que fixe en cada caso a ordenanza municipal.

#### SECCION 2ª.—PANTEONS

ARTIGO 19º.—As parcelas adicadas a panteóns poderán concederse por 5 ou 50 anos. Os concesionarios de parcelas destinadas a panteóns deberán proceder á construción do mesmo no prazo dun ano, contado a partir da concesión do terreo.

Transcorrido este período sen dar alta á edificación, o Concello deixará sen efecto o dereito, devolvendo a taxa aboada, sen indemnización polas obras realizadas. O referido prazo pode ser obxecto de prórroga a pedimento de parte e baixo criterio do Concello.

ARTIGO 20º.—Non poderá iniciarse a construción dun panteón sen a aprobación previa dos seus planos, que terán que presentarse por triplicado na Secretaría do Concello, a expedición do correspondente permiso municipal e o pagamento das taxas correspondentes.

Os panteóns contíguos presentarán continuidade de liñas e estilo, indicándose no proxecto os lindeiros e a súa altura. Rematadas as obras e logo da inspección das mesmas, serán dados de alta para efectuar enterramentos, por decreto da alcaldía, e despois da certificación da Xefatura provincial de Sanidade de que reúnen as condicións sanitarias axeitadas, segundo dispón o art. 26 do regulamento de Policía sanitaria mortuoria do 20 de xullo de 1974. Calquera clase de obras, mesmo as de reparación dos panteóns, requirirán a probación previa do Concello.

#### SECCION 3ª.—COVAS

ARTIGO 21º.—As covas poderán concederse por cinco ou cincuenta anos. As inhumacións poderán ter lugar en covas escavadas no propio solo do Cemiterio, nos lugares reservados para o efecto, segundo o plano do cemiterio e a ordenanza fiscal, prohibíndose utilizar máis dunha sepultura por cova.

ARTIGO 22º.—Nunha das zonas de sepulturas en terra (covas) haberá espacio suficiente reservado para as persoas incluídas no Padrón de beneficiencia municipal, vagabundos, etc.

ARTIGO 23º.—Nas covas permitirase poñer unha cruz co nome do defunto e a data do pasamento, sen pagamento de canon ningún.

## SECCION 4ª.—CRIPTAS

ARTIGO 23º. A.—Nas parcelas do proxecto de cemiterio adicadas as sepulturas denominadas criptas se construírán nichos subterráneos conforme ós seguintes criterios:

As parcelas terán unhas dimensión de 2,50 m. de longo por 3 m. de ancho e nelas poderanse construír dúas columnas, cun máximo de tres nichos cada unha, separadas entre elas un metro, como mínimo.

ARTIGO 23º. B.—As parcelas adicadas a criptas poderán concederse por cinco ou cincuenta anos e os concesionarios das mesmas deberán proceder á construción delas no prazo dun ano contado a partir da data da resolución municipal de concesión.

Transcurrido este período sen dar de alta a construción o Concello deixará sen efecto o dereito, devolvendo o tributo aboado sen indemnización polas obras realizadas. O referido prazo poderá ser obxecto de prórroga a pedimento de parte e baixo criterio do Concello.

ARTIGO 23º. C.—Non poderá iniciarse a construción dunha cripta sen a aprobación previa dos seus planos, a expedición do correspondente permiso municipal e o pagamento do tributo correspondente.

Rematadas as obras e logo da inspección das mesmas e previa certificación da Xefatura Provincial de Sanidade de que reunen as condicións sanitarias adecuadas, as criptas serán dadas de alta para efectuar enterramentos por Decreto da Alcaldía.

Exteriormente deberá edificarse con materiais nobres, marmol ou pedra cunha altura máxima de 60 cm. e sobre estos poderán existir elementos decorativos (crucifixos, argollas ou letras), facéndose constar que terán, como máximo un metro de altura. A construción funeraria citada no parágrafo anterior deberá presentar continuidade de liñas e estilas coas próximas. A instalación da lápida e da cruz requirirá previa licenza municipal otorgada polo órgano municipal correspondente.

Calquer clase de obras nas criptas requirirán a aprobación previa do Concello e a obtención da licenza correspondente.

## CAPITULO IV

## TITULACION E TRANSMISION

ARTIGO 24º.—O dereito ás sepulturas estará garantido mediante a súa inscrición no libro-rexistro correspondente, e a expedición do título nominativo pola Secretaria do Concello.

ARTIGO 25º.—Prohíbese calquera transacción mercantil das sepulturas, excluídas pola lei de tráfico xurídico, por ser bens de dominio público. Admítense, sen embargo, a transmisión intervivos que se deberá formalizar en escritura pública, entre parentes consanguíneos, sen límite ningún, na liña recta as-

cedente; e en liña colateral ata o segundo grao de consanguinidade.

Todo titular dunha sepultura poderá designar beneficiarios para despois da súa morte, a calquera persoa, sexa ou non parente. Nas sepulturas a nome dun dos cónxuxes enténdese que é automaticamente beneficiario o cónxuxe sobrevivinte quen, á súa vez, poderá designar outros beneficiarios. En defecto de nomeamento expreso do beneficiario entenderase transmitida a titulariedade da sepultura ós herdeiros testamentarios do titular e, no seu defecto, transmitirase pola orde de sucesión prevista na lexislación civil.

ARTIGO 26º.—Para que a transmisión permitida no artigo anterior produza os seus efectos, deberá ser solicitada ou comunicada, segundo os casos, ó Concello, acompañada dos documentos que proben a transmisión. O órgano municipal competente adoptará a resolución que proceda, e anotarase no seu caso a correspondente rectificación no libro-rexistro de sepulturas.

ARTIGO 27º.—Cando por calquera motivo sufrise deterioro un título, poderá trocarse por outro igual. En caso de substracción, incendio, extravío, etc., procederase á expedición dun duplicado en favor do titular, logo da presentación da instancia no Concello e o pagamento das taxas correspondentes.

## CAPITULO V

## CADUCIDADE

ARTIGO 28º.—Poderá declararse a caducidade, e o dereito á sepultura reverterá no Concello nos seguintes casos:

- a) Por estado ruinoso da construción cando esta fose de particular. A declaración deste estado e a súa caducidade requirirá expediente administrativo tramitado conforme ás disposicións legais vixentes.
- b) No caso de sepulturas de carácter temporal, polo decurso dos prazos de outorgamento establecidos de conformidade coa ordenanza fiscal, sen solicitar prórroga.
- c) Por abandono de sepultura, considerándose como tal o transcurso de trinta anos dende o falecemento do titular, sen que os beneficiarios ou herdeiros pediran a transmisión ó seu favor.
- d) Por falta de pagamento, no intre do seu vencemento, das taxas fiscais que lle correspondan, unha vez requirido para isto o interesado coa advertencia expresa de producirse a caducidade ó transcorre-lo prazo concedido para o pagamento.

A declaración de caducidade corresponderá á Comisión de goberno, logo do expediente acreditativo en cada caso tramitado conforme ás normas xerais aplicables. Declarada a caducidade de calquera se-

pultura ou nicho, o Concello non poderá outorgar novamente o dereito sobre as mesmas a favor do terceiro ata que se teña efectuado o traslado dos restos existentes.

## CAPITULO VI

### INSCRICIONS E OBXECTOS

ARTIGO 29º.—As inscricións, epitafios, símbolos, etc., das sepulturas axeitaranse ás disposicións que desenvolve a Constitución sobre liberdade relixiosa e demais disposicións aplicables.

ARTIGO 30º.—Non se poderá introducir nin extraer do cemiterio obxecto ningún sen o permiso municipal, e impedirse a colocación ou, no seu caso, retirarse aquilo que xa estivese colocado sen permiso cando desmereza o carácter sagrado do recinto.

## CAPITULO VII

### INHUMACIONES, EXHUMACIONES E TRASLADOS

ARTIGO 31º.—As inhumacións, exhumacións e traslados dos cadáveres ou restos, rexeranse polas normas específicas do Regulamento de policía sanitaria mortuoria vixente.

ARTIGO 32º.—A exhumación dun cadáver ou restos precisará:

- a) Autorización municipal, logo da solicitude do titular da sepultura.
- b) Autorización da unidade correspondente da Delegación territorial de Sanidade e Seguridade social.
- c) Se se trata dunha exhumación para a súa inmediata reinhumación dentro do mesmo cemiterio, esixirase o consentimento dos titulares de ambas sepulturas.
- d) A exhumación farase en presenza do titular sanitario legalmente designado no seu caso pola Delegación territorial de Sanidade e Seguridade social.

Cando se requira o traslado dun cadáver ou restos depositados nunha sepultura, da que o título figure a nome de persoa falecida, deberá solicitarse previamente a transmisión.

ARTIGO 33º.—Non se poderá inhumar un cadáver nunha sepultura ná que estea enterrado outro cadáver ata que transcurran cinco anos a partir da inhumación e se está corrupto.

ARTIGO 34º.—A comunicación dunha inhumación precisará da presentación no Concello dos seguintes documentos:

- a.- Título de sepultura.
- b.- Autorización xudicial nos casos de morte non natural.
- c.- Certificado médico de defunción.

Diante da documentación presentada, a alcaldía expedirá a licenza de enterramento e, conforme con

ela, unha papeléta de enterramento da oficina municipal correspondente, que deberá ser exhibida no Cemiterio ó sepultureiro-encargado como xustificante de que a documentación está en regra e procede a inhumación. Nesa papeléta farase constalo nome e apelidos do defunto, a data do pasamento, a causa da mesma, lugar de enterramento (con sinalamento específico da sepultura ou nicho onde debe ser enterrado), e se debe ou non quedar no depósito. O exemplar orixinal da papeléta de enterramento será devolvido o mesmo día polo sepultureiro ó Concello, debidamente asinado, como xustificante do seu exacto cumprimento para os efectos de anotación no libro-rexistro correspondente, devolvendo o exemplar duplicado ós familiares do defunto.

## CAPITULO VIII

### CONSTRUCCIONS FUNERARIAS

ARTIGO 35º.—As sepulturas dos nichos deberán ter edificados os paramentos exteriores e os elementos decorativos con materias nobres, mármore e pedra; de consistencia: bronce, aceiros inoxidables e ferros protexidos pola pintura, e prohibiranse totalmente os que non ofrezan técnica suficiente garantía para a súa permanencia no Cemiterio.

A colocación de lápidas, chapados, marcas, vicalos, xardineiras e marquesiñas en nichos, faranse cun máximo saínte de 12 centímetros.

ARTIGO 36º.—A realización de toda clase de obras dentro do cemiterio requirirá a observación, por parte dos contratistas ou executores, das seguintes normas:

- a) Os traballos preparatorios de picapedreiro e marmoreiro non poderán efectuarse dentro do recinto.
- b) A preparación dos materiais para a construción deberá realizarse nos lugares que se designen coa protección que en cada caso se considere necesaria.
- c) Os depósitos de materiais, aparellos, terra ou auga, situaranse en lugares que non dificulten a circulación ou paso polas rúas.
- d) Os andamios, valos ou calquera outro elemento auxiliar necesario para a construción, colocaranse de tal xeito que non danen as plantacións ou sepulturas adxacentes.
- e) Unha vez rematada a obra, os contratistas ou executores deberán proceder á limpeza do lugar de construción e retirada dos cachotes, fragmentos ou refugallos de materiais, pois sen este requisito non se autorizará a alta da mesma.

ARTIGO 37º.—Prohíbese a plantación de árbores e arbustos no interior do Cemiterio, así como de plantas en terra, correspondendo a función de axardinado e ornamentación xeral do cemiterio exclusivamente ó Concello.

ARTIGO 38º.—Todo o non previsto neste regulamento axustarase ó previsto na Ordenanza fiscal do Cemiterio municipal, e no seu defecto ás disposicións legais que sexan aplicables; corresponderá ó Concello en pleno, á Comisión de goberno ou a alcaldía, resolver os problemas xurdidos dentro do contido deste regulamento no ámbito das súas respectivas competencias.

ARTIGO 39º.—A vixencia deste Regulamento iniciárase ós vinte días de terse anunciado no "Boletín oficial" da provincia a súa aprobación definitiva.

DISPOSICION ADICIONAL 1ª.—Adicar a criptas as zonas que se marcan con tal fin no documento anexo que se incorpora ó proxecto.

Tui, 2 de xullo de 1996.—O Alcalde, Miguel A. Capón Rey. 8548

\* \* \*

## VILA DE CRUCES

### EDITO

A Comisión de Goberno, en sesión celebrada o día 27 de xuño de 1996, adxudicou definitivamente a obra "Ampliación do cemiterio municipal - 4ª fase" a empresa Industrias del Deza, S.L., cun presuposto de cinco millóns duasetentas setenta e catro mil (5.274.000) pesetas.

O que se fai público de conformidade co artigo 94.2 da Lei 13/1995, de 18 de maio de contratos das Administracións Públicas.

Vila de Cruces, 5 de xullo de 1996.—O Alcalde-Presidente, Xesús Otero Varela. 8725

### EDITO

Solicitouse desta Alcaldía por don Gonzalo Balo Cao, licenciamunicipal para a apertura dun Café-Bar categoría especial, a emprazar en Gres-Vila de Cruces; cumprindo o disposto polo apartado a) do número 2, do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, a fin de que durante o mesmo —que empezara a contarse dende o día seguinte o da inserción do presente edito no "Boletín Oficial" da Provincia— se poida examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, polas persoas que dalgún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Vila de Cruces, 11 de xullo de 1996.—O Alcalde-Presidente, Xesús Otero Varela. 8726

### EDITO

Aprobado inicialmente pola Comisión de Goberno, en sesión do 4 de xullo de 1996, o proxecto de "Explanación e nivelación de terreos con destino a construción de equipamento escolar", redactado polo Arquitecto don Carlos Rosón Gasalla, queda exposto o público na Secretaría deste Concello, durante o prazo de quince días hábiles, —que empezarán a contarse dende o día seguinte o da inserción do presente edito no "Boletín Oficial" da Provincia—, a efectos de exame e reclamacións.

Vila de Cruces, 10 de xullo de 1996.—O Alcalde-Presidente, Xesús Otero Varela. 8727

## VILAGARCIA DE AROUSA

### Anuncio de Cobranza

Por medio do presente faise saber que a cobranza en período voluntario, a teor do artigo 12 da Lei 39/88, Reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 87 e 88 do Regulamento Xeral de Recadación, para os tributos que abaixo se relacionan, terá lugar:

Do 15 de agosto ó 15 de outubro, deste ano.

### Imposto sobre Actividades Económicas

Oficina Recadatoria: Rúa Santa Lucía número 4-baixo, tódolos días hábiles, dende as 9,00 ás 13.30 horas.

Domiciliación do pago: Os contribuintes poden facer uso da domiciliación e colaboración bancaria para o seu pago, entregando a domiciliación na Oficina Recadatoria.

Procedemento por vía de constrinximento: Faise expresa advertencia que o incumprimento do prazo indicado para o pago dos tributos, suporá o cobro pola vía executiva de constrinximento co recargo do 20 por 100, a teor do preceptuado polo Regulamento Xeral de Recadación mencionado.

Vilagarcía de Arousa, a 2 de xullo de 1996.—O Alcalde-Presidente, Xoaquín Xavier Gago López. 8406

### EDITO

Aprobado pola Comisión Municipal de Goberno, en sesión celebrada o día 1 de xullo de 1996, o Padrón Fiscal correspondente o Imposto Sobre Actividades Económicas (empresariais, profesionais e artísticas) para o actual exercicio, exponse o público na oficina de intervención deste Concello por un prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde o día seguinte á inserción deste edito no "Boletín Oficial" da Provincia, co fin de que durante o

**MODIFICACIÓN**

## E D I T O

Hat Aribesa, solicita desta Xerencia Municipal de Urbanismo a licencia de actividades e instalacións, para instalación planta de formigón, que se situará no Camiño de Pereiras, Comeña.

De acordo co artigo 30.2, letra a), do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (RAMINP), ábrese un período de información pública que durará dez días, para que todo aquel que se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer, poida face-las observacións pertinentes.

O expediente está a disposición do público e pódese consultar durante as horas de oficina no Rexistro desta Xerencia Municipal de Urbanismo (Expte. 21435/422).

Vigo, 27 de abril de 2000.—O Vicepresidente da Xerencia de Urbanismo, Xabier Toba Girón. 3744

## E D I T O

Tapicería Bailón Corujeira, C.B., solicita desta Xerencia Municipal de Urbanismo a licencia de actividades e instalacións, para taller de tapicería, que se situará na rúa Pino, 56-baixo.

De acordo co artigo 30.2, letra a), do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (RAMINP), ábrese un período de información pública que durará dez días, para que todo aquel que se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer, poida face-las observacións pertinentes.

O expediente está a disposición do público e pódese consultar durante as horas de oficina no Rexistro desta Xerencia Municipal de Urbanismo (Expte. 21306/422).

Vigo, 27 de abril de 2000.—O Vicepresidente da Xerencia de Urbanismo, Xabier Toba Girón. 3742

\* \* \*

## VILABOA

## A N U N C I O

Aprobado por Resolución da Alcaldía o Padrón do Imposto sobre Circulación de Vehículos de Tracción Mecánica de 2000, exponse ó público por un período de trinta días nas Oficinas Municipais, ó obxecto de presentación das oportunas reclamacións.

Vilaboa, a 28 de abril de 2000.—O Alcalde, Fco. Xabier Míguez Santos. 3747

## A N U N C I O

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 26-4-2000, o expediente de modificación de crédito nº 3/2000, por Transferencia de Crédito entre distintos grupos de función, dentro do actual Presuposto de 2000, exponse ó público a efectos de reclamacións durante 15 días, contados desde o día seguinte o da inserción do presente anuncio no BOP, de acordo co artigo 150 da Lei 39/88, de 28 de decembro, en concordancia co artigo 42.1 do R.D. 500/90, do 20 de abril. De non producirse reclamacións estes expedientes consideraranse definitivamente aprobados.

Vilaboa, a 2 de maio de 2000.—O Alcalde, ilexible. 3745

\* \* \*

## BAIONA

## E D I C T O

Habiéndose solicitado de esta Alcaldía por doña María José Bravo Jaso, licencia municipal para la apertura de casa de turismo rural, a emplazar en A Granxa-Belesar, cumprindo lo dispuesto por el apartado a) del número 2 del artículo 30 del Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas de 30 de noviembre de 1961, se somete a información pública por período de diez días hábiles, a fin de que durante el mismo —que empezará a contarse desde el día siguiente al de la inserción del presente Edicto en el “Boletín Oficial” de la provincia— pueda examinarse el expediente, en la Secretaría de este Ayuntamiento, por las personas que de algún modo se consideren afectadas por la actividad que se pretende instalar y formular por escrito las reclamaciones u observaciones que se estimen oportunas.

Baiona, a 4 de mayo de 2000.—El Alcalde, ilegible. 3788

\* \* \*

## T U I

## E D I T O

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal, na sesión do 28 de marzo do 2000, o proxecto de “Abastecemento de auga a Matelo e outros (Randufe)”, redactado polo Enxeñeiro D. Baltasar Pujales Estévez, por importe de 58.364.242 pesetas, IVE incluído, exponse ó público polo prazo de vinte días hábiles, de acordo co Decreto 4/1997, do 10 de abril, da Conse-

llería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, quedando de manifesto en Secretaría, en horario de oficina.

Tui, a 17 de abril de 2000.—O Alcalde, Antonio F. Fernández Rocha. 3724

---

### E D I T O

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal, na sesión do 28 de marzo do 2000, o proxecto de “Abastecemento de auga a Malvas e Pezegueiro”, redactado polo Enxeñeiro D. Baltasar Pujales Estévez, por importe de 87.764.917 pesetas, IVE incluído, exponse ó público polo prazo de vinte días hábiles, de acordo co Decreto 84/1997, do 10 de abril, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, quedando de manifesto en Secretaría, en horario de oficina.

Tui, a 17 de abril de 2000.—O Alcalde, Antonio F. Fernández Rocha. 3725

---

### E D I T O

Quedando definitivamente aprobado o Regulamento de Réxime Interior do Cemiterio Municipal “San Xoán” coas modificacións que ó seguir se indican, por aplicación do que dispón o número 3 do artigo 17 da Lei 39/88, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, e para dar cumprimento ó sinalado no apartado 4 de dito artigo, insértanse ás modificacións ó mesmo:

DISPOSICION ADICIONAL 2ª.—O Concello de Tui pon a disposición da Residencia das Hermanitas Desamparadas de Tui 48 nichos de titularidade municipal, que figuran no plano adxunto que se incorpora á presente ordenanza, co destino ós soterramentos de anciáns carentes de posibilidades económicas, así como ós soterramentos das propias integrantes da Asociación Relixiosa.

Os citados soterramentos terán que facerse de xeito totalmente gratuito, estando os devanditos nichos fora do tráfico habitual de comercio e sen que se poida cobrar polo expresado concepto cantidade económica ningunha.

A presente posta a disposición levará asemade aparelhada a posibilidade de facer pequenas obras de ornato nos citados nichos, sen que estas obras poidan altera-la configuración física dos mesmos.

En ningún caso estes 48 nichos poderán ser utilizados por persoas que non sexan anciáns desamparados residentes no propio asilo ou relixiosas da propia congregación, quedando excluído en todo caso o dereito de transmisión dos devanditos nichos a favor de herdeiros testamentarios, cónxuxe su-

pervivente ou persoas ás que poida corresponder á sucesión intestada.

Esta cesión obriga ás Hermanitas Desamparadas de Tui, en todo caso a cumprilo vixente Regulamento de Réxime Interior do Cemiterio Municipal “San Xoán”, e ás futuras modificacións que da mesma se poidan acordar polo Pleno do Concello.

Tui, a 12 de abril de 2000.—O Alcalde, Antonio F. Fernández Rocha. 3726

\* \* \*

## VILANOVA DE AROUSA

### A N U N C I O

Aprobados pola Comisión de Goberno de data 4 de maio de 2000 o proxecto técnico e os pregos de cláusulas administrativas que rexerán o concurso polo procedemento aberto da obra “Gardería municipal —acondicionamento e ampliación dun edificio existente—”, expóñense ó público durante o prazo de oito días, contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia para que poidan presentarse reclamacións.

O mesmo tempo publícase un resumo dos pregos a fin de que polas empresas interesadas na participación do citado concurso poidan presentar as correspondentes proposicións. A licitación quedará aprazada no suposto de que se formulen reclamacións.

#### 1. ENTIDADE ADXUDICATARIA.

- a) Concello de Vilanova de Arousa.
- b) Organo de contratatación: Comisión de Goberno.
- c) Dependencia que tramita o expediente: Negociado de Contratación.

#### 2. OBXECTO DO CONTRATO.

- a) Descrición do proxecto: “Gardería municipal —acondicionamento e ampliación de edificio existente—”.
- b) Lugar de execución: Vilanova de Arousa.
- c) Prazo de execución: 5 meses.

#### 3. TRAMITACION, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACION.

- a) Tramitación: Urxente.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Forma: Concurso.

#### 4. PRESUPOSTO DE LICITACION.

29.643.675 pesetas (IVE incluído).